



Orde do 9 de febreiro de 2022 pola que se fai pública a relación de persoal aspirante que superou o procedemento de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas, convocado pola Orde do 4 de xuño de 2020 (Diario Oficial de Galicia do 16 de abril)

De conformidade co establecido na base sétima.5 da Orde do 4 de xuño de 2020 (*Diario Oficial de Galicia do 22 de xuño*) pola que se convoca procedemento de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas, a comisión baremadora e os tribunais procederon a publicar as puntuacións definitivas do persoal aspirante na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, www.edu.xunta.gal.

En aplicación do previsto na base sétima.6 da citada orde de convocatoria, contra estas puntuacións definitivas podía interporse un recurso de alzada ante a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

Procede agora, de conformidade co establecido na base 8.5 publicar as listas das persoas que acceden, por corpos e especialidades.

Na súa virtude, esta Consellería de Cultura, Educación e Universidade

RESOLVE:

Primeiro. Facer pública como anexo I desta orde a relación de persoal aspirante que supera o procedemento de acceso ao corpo de catedráticos de Ensinanza Secundaria, ordenados por especialidade e número de orde.

Segundo. Facer pública como anexo II desta orde a relación de persoal aspirante que supera o procedemento de acceso ao corpo de catedráticos de Escolas Oficiais de Idiomas, ordenados por especialidade e número de orde.

Terceiro. Facer pública como anexo III desta orde a relación de persoal aspirante que supera o procedemento de acceso a corpo de catedráticos de Artes Plásticas e Deseño, ordenados por especialidade e número de orde.

Cuarto. De conformidade co establecido no artigo 39.3 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro e na base novena da orde do 4 de xuño de 2020, as persoas que accedan ao corpo de catedráticos estarán exentas da realización da fase de prácticas e permanecerán, no caso de

superaren o procedemento pola mesma especialidade en que están exercendo, como catedráticos/as no mesmo destino que ocupasen no corpo de procedencia.

No caso de acceder por unha especialidade diferente da que ocupase no momento da efectividade da presente orde, quedará na situación de excedencia por prestación de servizos no sector público no corpo de catedráticos nesa especialidade.

Quinto. As persoas que accedan ao corpo de catedráticos desde unha situación de excedencia manterán no corpo de catedráticos a mesma situación.

Sexto. As persoas que acceden ao corpo de catedráticos de Ensino Osecundario, de Escolas Oficiais de Idiomas ou de Artes Plásticas e Deseño en virtude desta orde será nomeado con efectividade do 1 de xaneiro de 2022.

Sétimo. Contra a presente orde, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular, con carácter potestativo, un recurso de reposición ante o mesmo órgano no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Disposición adicional.

Facúltase á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para adoptar todas as medidas e ditar as instrucións que considere oportunas para o desenvolvemento da presente orde.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2022

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade



Román Rodríguez Fernández

INSÍRASE NO DOG